



## CERTIFICACIÓN

D. Francisco Javier Novoa Juiz, secretario do Concello de Concello de Vimianzo, agás erro ou omisión involuntaria, **CERTIFICO** o acordo que deseguido transcribo:

### “ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN

O Pleno da Corporación do Concello de Vimianzo, en Sesión do mércores 12 de xullo de 2023, aprobou o seguinte ACORDO:

### 5º. Proposta de acordo sobre a determinación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno

O secretario da Corporación lee a proposta da Alcaldía de data 7 de xullo de 2023, que se reproduce a continuación:

### “PROPOSTA DE ACORDO

#### ASUNTO: DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.

A vista das eleccións locais do día 28/05/2023 e da constitución da Corporación de Vimianzo en data 17/06/2023, resulta necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal.

De conformidade co disposto non artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, o Pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses nos Concellos dos municipios dunha poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes.

En virtude do regulado no artigo 210.2 a) da Lei de Administración Local de Galicia de 22 de xullo de 1997, o Pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses.

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Vimianzo:

PRIMEIRO.- Celebrar as sesións ordinarias do Pleno da Corporación de xeito bimensual o último mércores dos meses impares, ás 09:00 horas, logo de convocatoria da Sra. alcaldesa.

Facúltase á alcaldesa para adiantar ou retrasar a sesión ordinaria un máximo de 15 días, por motivos de interese público debidamente xustificadas ou por coincidencia cun día festivo ou non laborable, co fin de evitar a convocatoria dunha sesión extraordinaria.

SEGUNDO.- Publicar integramente o acordo no taboleiro de anuncios desta entidade.

O que asino en Vimianzo,  
A alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez”



Pásase a votación o asunto obténdose a aprobación por dez votos a favor do PSdeG-PSOE, dúas abstencións (1 BNG e 1 Grupo Mixto/PP) e ningún voto en contra.

O que asino en Vimianzo  
A alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez”

E para que conste, asino o presente certificado, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe da alcaldesa, en Vimianzo.

Visto e praxe  
A alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez